



GUÍA DO CURSO

Creación de actividades didácticas en liña con ARDORA

Índice

• Descrición do curso.....	3
• Persoas titoras.....	3
• Obxectivos.....	3
• Competencias profesionais do profesorado.....	3
• Contidos.....	3
• Correlación das competencias básicas cos contidos do curso.....	3
• Metodoloxía.....	4
• Seguimento e desenvolvemento do curso.....	4
• Comunicación coas persoas titoras.....	4
• Avaliación.....	5
• Aplicación práctica nas aulas.....	5
• Requisitos para seguir o curso.....	5

Descrición do curso

O curso está encamiñado ó coñecemento das distintas posibilidades que ofrece o software de autor Ardora para a creación de actividades interactivas en contorno web, básicamente componse de oito módulos nos que se percorren os 45 tipos distintos de actividades que se poden crear con Ardora así como as posibilidades de presentación ó alumnado que o docente ten para as actividades realizadas, trabállase tamén a procura de distintos recursos para o desenvolvemento das actividades, imaxe e son.

Faise especial fincapé no intento de conseguir materiais e recursos que cheguen ás aulas do profesorado indo moito máis alá do simple coñecemento da ferramenta.

Persoas titoras



José Manuel Bouzán Matanza



José Antonio Martínez
Lista

Obxectivos

- 1.- Ser quen de desenvolver proxectos didácticos interactivos en contorno web para as aulas.
- 2.- Coñecer distintos xeitos de “explotación didáctica” das actividades realizadas.
- 3.- Empregar os sistemas de procura de material multimedia dispoñible na rede.
- 4.- Ter un primeiro acercamento ó concepto de intranet educativa tanto no didáctico como no técnico.
- 5.- Desenvolver recursos SCORM susceptibles de ser introducidos en plataformas de teleformación.
- 6.- Coñecer as distintas posibilidades de integración destas actividades dentro do concepto “web 2.0”.

Competencias profesionais do profesorado.

Básicamente pódense englobar nos seguintes apartados:

- A.- Facilitar o desenvolvemento de recursos propios e axeitados a cada aula e ó propio docente.
- B.- Ter un coñecemento claro e práctico de como establecer distintas canles de presentación dos recursos ó alumnado en función das necesidades de cada docente (nivel, área, tipo de recurso,...)
- C.- Promover o emprego das TIC dentro do que facer diario do docente.

D.- Obter un coñecemento sobre a procura, emprego e explotación dos recursos (tanto auxiliares para a creación de actividades como directamente empregados na aula) que a rede brinda, imaxes, sons..

Contidos

Os contidos do curso están divididos en: Presentación Inicial, 8 bloques (módulos) e unha proposta final de traballo:

PRESENTACIÓN INICIAL:

Onde se comenta a estrutura e organización do curso, o proceso avaliativo que se vai a seguir e a instalación da aplicación.

BLOQUE I: Creando as primeiras actividades.

Onde se expoñen as posibilidades de traballo que ten Ardora, é un dos bloques máis importantes xa que senta a dinámica de traballo co resto da aplicación.

BLOQUE II: Actividades con texto.

Aquí síguese a traballar con actividades nas que únicamente, como "materia prima" se necesitamos texto e a "imaxinación" de cada docente.

BLOQUE III: Completar - Matemáticas.

Neste bloque abordaranse as actividades de completar así como as máis específicas de matemáticas, o mesmo tempo sirve xa de afianzamento no manexo da propia ferramenta.

BLOQUE IV: Actividades con imaxes.

Nun primeiro apartado traballárase a procura de imaxes e gráficos na web para logo poder ser aproveitados nas moitas actividades que poden empregar estes recursos.

BLOQUE V: Actividades con audio.

Ó igual que no anterior bloque, inicialmente traballárase a procura de arquivos de audio, así como a conversión entre os distintos formatos existentes no mercado, logo trátanse actividades nas que se poden inserir este tipo de arquivos.

BLOQUE VI: Paquete de actividades Ardora.

Este un dos principais xeitos de obter un traballo coherente entre todos os recursos elaborados.

BLOQUE VII: Inserción de actividades Ardora en CMSs e LMSs.SCORM

Neste bloque trata sobre como incluír as actividades dentro de xestores de contidos (CMSs) como Drupal ou en plataformas de teleformación (LMSs) como Moodle. Para este último se fai especial fincapé no estándar en canto a "obxectos de aprendizaxe" chamado SCORM.

BLOQUE VIII: Como presento as actividades ó meu alumnado?.

Se traballan estratexias para a "ubicación" de todo o material xerado, facendo especial fincapé na creación dunha intranet educativa.

PROPOSTA FINAL DE TRABAJO

Módulo de avaliación final do curso

Correlación das competencias básicas cos contidos do curso

COMPETENCIAS

A
B
C
D

BLOQUES

Todos
VI – VII e VIII
Todos
IV e V

Metodoloxía

Se procurou no deseño do curso o seguir unha estratexia “de menos a máis” no que a aplicación da propia tecnoloxía se refire, buscando que o docente-alumno despois dun coñecemento das posibilidades de cada un dos apartados da aplicación poida centrar o seu esforzo no que como docente lle é propio, o deseño didáctico e pedagóxico da propia actividade.

En canto ó manexo da aplicación “propriadamente técnico”, se conta con tutoriais “paso a paso” coa intención de que o docente coñeza os pasos a seguir, cada módulo ten a maiores outros tutoriais así como un amplo abano de exemplos que permitan, nunha primeira toma de contacto, coñecer algunhas das posibilidades que oferta.

Por outra banda se conta con foros organizados en función dos distintos apartados onde titores e docentes teñan un punto de encontro no que plantexar as súas dúbidas, expoñer as súas opinións, solicitar colaboracións... pero no que tamén se poidan manifestar suxerencias de mellora da propia ferramenta, novas propostas de funcionalidades ou calqueira tipo de crítica constructiva xa que o autor da propia ferramenta é titor deste curso, en resumen se pretende que estes foros se convirtan nun lugar de “usuarios” (todos aportamos o noso coñecemento e experiencia) máis que de “alumno-titor” (duda-resposta).

Seguimento e desenvolvemento do curso.

O curso atópase dividido en oito grandes bloques e unha proposta final de traballo. Cada bloque foi constituído en función dos requisitos técnicos da propia aplicación, indo, únicamente no que a complexidade técnica se refire, dos tipos de actividades máis sinxelas, onde únicamente temos que introducir textos, ata aquelas que necesitamos a procura de arquivos de imaxen e/ou son. Non implica isto que, no proceso de creación de materiais educativos con esta ferramenta, se deba de seguir tamén este orden.

Tal e como se recolle no primeiro módulo de presentación do curso na propia plataforma, o curso conta cunha serie de “Propostas de traballo” na maior parte dos bloques cuio desenvolvemento e posterior entrega ós titores se realizarán mediante “tarefas” nas que se enviará un arquivo zip por cada profesor (para este proceso se conta no curso con titoriais).

En cada unha de estas propostas se explica claramente cal é o traballo a desenvolver, así como as requisitos mínimos para a súa superación. Se aconsella especialmente e ó longo de todas estas tarefas que o docente “pense” estes traballos como parte do traballo final do curso.

Estas propostas de traballo se atopan nos Bloques I, II, III, IV e V, para a superación do curso se deberá de realizar un mínimo de tres, a elixir de estes cinco bloques, e a proposta final de traballo. É moi probable que todos os traballos entregados se amosen nun determinado “lugar” coa idea de que os asistentes poidan ver outros “tratamentos” dos seus compañeiros.

Os Bloques VI e VII recollen varios xeitos de presentación dos recursos elaborados, son módulos nos que non hai unha tarefa (avaliación) concreta pero que os seus contidos serán de gran axuda cara a afrontar a **“Proposta de traballo final” (avaliación final obligatoria)** na que, tamén cuns mínimos indicados, se deberá desenvolver un recurso que conteña actividades das desenvolvidas nos anteriores módulos e que sexan “tratadas” por algunha das distintas opcións comentadas nestes Bloques.

O Bloque VIII é totalmente voluntario (no que a superación do curso se refire) aínda que se recomenda enormemente que non se pase por alto xa que contén estratexias que permiten ó docente conseguir unha gran potencialidade para a súa aula/centro cun esforzo relativamente pequeno.

Se prevee a seguinte temporalización (**poderanse facer pequenas variacións nas aperturas dos módulos e entregas de traballo agás a derradeira, “Proposta final de traballo” cuia entrega NON se aceptará despois da data reflexada no seguinte cadro**).

CADRO DE TEMPORALIZACIÓN DO CURSO		
Presentación – Instalación da aplicación (0,5 horas)		
Nº	Actividade	Datas
	Foros	Dispoñible a partir de 12/03/12
1	Recursos, titorias e material diverso	
2	Presentación – Estructura e organización – Proceso avaliativo	
3	Descarga, instalación e configuración da aplicación	
Bloque I (4,5 horas)		
Nº	Actividade	Datas
4	BLOQUE I: Creando as primeiras actividades.	Dispoñible a partir de 12/03/12
	Entrega da 1º Proposta de traballo	29/03/12

Bloque II (3 horas)		
Nº	Actividade	Datas
5	BLOQUE II: Actividades con texto.	Dispoñible a partir do 17/03/12
	Entrega da 2º Proposta de traballo	10/04/12
Bloque III (3 horas)		
Nº	Actividade	Datas
6	BLOQUE III: Completar - Matemáticas	Dispoñible a partir de 24/03/12
	Entrega da 3º Proposta de traballo	17/04/12
Bloque IV (4 horas)		
Nº	Actividade	Datas
7	BLOQUE IV: Actividades con imaxes	Dispoñible a partir de 31/03/12
	Entrega da 4º Proposta de traballo	24/04/12
Bloque V (3 horas)		
Nº	Actividade	Datas
8	BLOQUE V: Actividades con audio	Dispoñible a partir de 07/04/12
	Entrega da 5º Proposta de traballo	30/04/12
Bloque VI (1 hora)		
Nº	Actividade	Datas
9	BLOQUE VI: Paquete de actividades Ardora	Dispoñible a partir de 17/03/12
Bloque VII (1 hora)		
Nº	Actividade	Datas
10	BLOQUE VII: Inserción de actividades Ardora en CMSs e LMSs.SCORM	Dispoñible a partir de 24/03/12
Bloque VIII (1 hora)		
Nº	Actividade	Datas
11	BLOQUE VIII: Como presento as actividades ó meu alumnado.	Dispoñible a partir de 17/03/12

PROPOSTA FINAL DE TRABALLO (9 horas)		
Nº	Actividade	Datas
12	Proposta Final de Traballo	Dispoñible a partir de 14/04/12
	Entrega da Proposta Final de Traballo	16/05/12

Comunicación coas persoas titoras

Cada vez que comeza un curso de formación a través de PLATEGA, unha das primeiras cousas que debes de facer é presentarte á comunidade de aprendizaxe. Para iso atoparás en todos os cursos no primeiro módulo un Foro de presentación de participantes.



Esta primeira mensaxe servirá de presentación tanto co resto da comunidade de aprendizaxe, coma cos titores e titoras do curso.

Existen varias opcións de comunicación co seu titor:

- ➔ A través dos foros existentes en cada curso, por exemplo, o foro do módulo ou foro de avisos e anuncios. A comunicación que se realiza nos foros é pública, é dicir, calquera participante no curso poderá ler as súas intervencións no foro ou *posts*.
- ➔ A través do sistema de mensaxería interna da plataforma tamén coñecido como Chat. As mensaxes enviadas por este medio son privados entre vostede e o seu comunicante, xa sexa o titor ou calquera outro participante.

Avaliación

Antes de explicar cales van a ser os principais puntos que van a permitir a superación pola súa parte deste curso, é convinte que teña en conta o seguinte:

1.- Non se busca únicamente o dominio dunha ferramenta informática, se busca tamén, como punto máis importante, a adecuación do emprego que de esta ferramenta faga para a súa aula.

Evidentemente ningún dos titores deste curso somos quen para indicar ou avaliar cales son os contidos, niveis de profundización ou aspectos relevantes a ter en conta dentro do seu ámbito de traballo (área, nivel...) pero sí vamos a pedir que o material elaborado teña unha "coherencia didáctica" (fundamentalmente no último módulo).

2.- Creemos que sería de gran axuda para vostede que, dende o inicio do curso, se plantexe unha situación didáctica (tema, área/áreas, niveis..) sobre a que desenvolver contidos para a súa aula según avanza o curso. Se busca que, unha vez finalizado o curso, os desenvolvementos que vostede faga teñan unha incidencia directa na súa aula.

Como verá, nas cinco primeiras avaliacións (propostas de traballo) unicamente se lle pedirá que cree un número determinado de actividades de distinto tipo, estas mesmas actividades, si o estima oportuno, poderán ser empregadas na proposta final de traballo (avaliación final).

3.- As propostas de traballo plantexan uns requisitos mínimos para a súa superación, vostede é moi libre de ir máis alá do proposto, si xa coñece, por exemplo, como crear paquetes de actividades Ardora, en vez de crear as actividades ailladas como se lle pide, pode "entregar" un paquete deste tipo (ou actividades compatibles con SCORM si o seu traballo final vai a "funcionar" sobre Moodle, ou "embebidas" dentro de webs máis amplas si aproveita este curso para ir creando material para un determinado proxecto ...).

Existen cinco bloques nos que se lle pedirá o envío de un número determinado de actividades, en cada un destes bloques se agruparon aquelas actividades que poideran ter unha similitude en canto a dificultade técnica ou recursos empregados, **lembre que, como mínimo, de estes cinco bloques debe de presentar tres propostas.**

Na avaliación destes envíos, unicamente se comprobará que se realizaron o número e tipo de actividades pedido, non obstante lembre o xa comentado (pense un determinado tema, aspecto dunha área ou áreas, nivel,.. así como o de ir máis alá do indicado na proposta) xa que **estas actividades poderán despois ser empregadas no derradeira proposta de traballo.**

Ainda que hai 3 bloques nos que non se realizará ningunha proposta de traballo para avaliación, é moi importante que os consulte e trate de seguir xa que son fundamentais para a derradeira proposta de traballo.

A raíz do tratado nos bloques 6, 7 e 8 (distintas estratexias para presentar as actividades ó alumnado) e, **como derradeira proposta de traballo, se lle pedirá que cree un conxunto de actividades que teñan coherencia pedagóxica entre todas elas (unidade didáctica, caderno de traballo ...), esta avaliación, xunto coa superación de tres das cinco anteriores, será a que determinará a superación ou non superación do curso.**

Teña presente que para esta proposta pode, ademáis de Ardora, empregar máis recursos que axuden a lograr un traballo máis completo, videos de youtube, galerías de imáxenes, mapas interactivos, widgets, etc

Aplicación práctica nas aulas

Como se comentou dende o principio o principal obxectivo deste curso é que vostede sexa quen de que, co un pequeno esforzo, cree unha serie de recursos para a súa aula, polo que, tal e como lle aconsellamos nos apartados anteriores é moi interesante o que cree unha proposta final que despois vaia a poder desenvolver co seu alumnado.

Requirimentos para seguir o curso

Para o curso precisa dun ordenador tipo Pentium IV ou superior con Windows ou Linux (Ardora foi testado nas distribucións OpenSuse e Ubuntu). Para crear as actividades e comprobar os seus recursos non é necesario ter unha conexión a internet aínda que se cree moi necesaria para poder levar o curso con comodidade.